

ENCOMENDA DE XESTIÓN

M^a Lorena Antelo Romero, subdirectora xeral de Coordinación Administrativa, Económica e de Programas Sociais, actuando en representación da Secretaría Xeral da Emigración da Xunta de Galicia

INFORMA:

- I. Que a empresa SILMAN 97, SLU está a levar adiante un proxecto para a SECRETARIA XERAL DA EMIGRACIÓN, para o desenvolvemento do programa “OFICINA MÓBIL DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS EMIGRANTES RETORNADAS”, co obxectivo de promover a inclusión e integración da poboación emigrante retornada e os seus familiares en todo o territorio galego, mediante unha unidade móbil que percorrerá as zonas rurais e todas aquelas poboacións que non dispoñen de oficina física.

Os servizos que se prestan a través deste programa consisten na información e asesoramento ás persoas destinatarias dos principais trámites administrativos anteriores e posteriores ao retorno, asistencia sanitaria, orientación laboral, formación, prestacións, subvencións e axudas, e todos aqueles outros nos que o poidan necesitar.

- II. Que, de acordo co contrato suscrito entre ambas partes, a xestión do devandito proxecto está encomendada a SILMAN 97, SLU, con NIF: .B15647803
- III. Que entre as funcións encomendadas á empresa inclúese a xestión ordinaria ante os concellos e outras institucións ou empresas públicas ou privadas de todos os permisos necesarios, tales como permisos de estacionamento e ocupación do espazo público

O que se informa para os efectos oportunos.

Santiago de Compostela, na data na sinatura dixital

